

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Resolución da Alcaldía núm. 696/2024, do 31 de maio - Determinación dos cargos con dedicación

De conformidade co disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal e artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publícase, para xeral coñecemento, a Resolución da Alcaldía núm. 696/2024, do 31 de maio, que se transcribe a continuación:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o acordo adoptado polo Pleno municipal, en sesión ordinaria do 30 de maio de 2024, no que, polo que respecta á determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial, di:

«**Primeiro:** Determinar os seguintes cargos da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación exclusiva cos dereitos e as obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual (sen ter en conta a antigüidade a abonar pola administración de orixe en caso de servizos especiais) seguinte:

Alcaldesa-Presidenta: 59.238,54 €

Concellería con delegación especial dos servizos de Desenvolvemento Asociativo, Educación e Sanidade, incluídos na Área de Presidencia: 32.000,00 €

Concellería da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos: 32.000,00 €

Concellería da Área de Cultura, Deportes e Xuventude: 32.000,00 €

Concellería da Área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo: 32.000,00 €

Segundo: Determinar o seguinte cargo da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación parcial ao 75% da xornada, e coa retribución bruta anual seguinte:

Concellería da Área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá: 24.000,00 €

Terceiro: As retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial incrementaranse na porcentaxe que o Goberno fixe nas respectivas Leis de Orzamentos Xerais do Estado para os empregados públicos, incluída a que neste 2024 aínda está sen publicar.

Cuarto: As retribucións arriba indicadas faranse efectivas dende a aceptación dos cargos, polo que serán de aplicación con carácter retroactivo dende o 22.03.2024 no caso do cargo da Alcaldesa, e para o resto das concellerías delegadas, dende a data de aceptación expresa do nomeamento do cargo de concelleiro/a delegado/a.

(...)"

En uso das atribucións que me son conferidas polo artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 19 do Regulamento orgánico municipal, **RESOLVO:**

Primeiro.- Determinar que os membros da Corporación que exercerán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, coas retribucións acordadas polo Pleno municipal en sesión ordinaria do 30 de maio de 2024, son os seguintes:

- D.ª María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial dos servizos de Desenvolvemento Asociativo, Educación e Sanidade, incluídos na Área de Presidencia
- D.ª María Yolanda Díaz Baldomir, concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos
- D. David López Saborido, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude
- D. Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Local, Patrimonio e Turismo

Segundo.- Determinar que o membro da Corporación que exercerá as súas funcións en réxime de dedicación parcial ao 75% da xornada, coa retribución acordada polo Pleno na sesión do 30 de maio de 2024, é:

- D. Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá

Terceiro.- De conformidade co establecido no artigo 19.3 do Regulamento orgánico municipal, notificar aos concelleiros e concelleiras designados para os efectos da súa aceptación expresa, e posterior comunicación ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. A aceptación deberá producirse no prazo dos dez días seguintes dende a notificación. Transcorrido o dito prazo, entenderase que non acepta o cargo.

Cuarto.- Con base no acordo do Pleno municipal citado nos antecedentes, esta Alcaldía desenvolverá as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva, coa retribución e dedicación acordadas.

Quinto.- Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal e artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, unha vez aceptados os cargos, publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios da Corporación, Portal de Transparencia e páxina web municipal.»

Cambre, 5 de xuño de 2024

A alcaldesa,

María Dolores Pan Lesta

2024/3942